


# Terceiro Ciclo Primaria Dia das letras galegas 2013



**Grupo de Trabajo****«Vidal Bolaño na rede.»****Actividades con tics para infantil e primaria»**

Andrés Losada, Rosa María  
Barca Gómez, Marta  
Gallego Revaldería, Xulio  
Guimarey Cedeira, Vanessa  
Hortas González, Isabel  
Magalhaes Alonso, Laura  
Pedrosa Moreno, Julio  
Pena Sánchez, Iván  
Suárez Hermida, Mario Ramón  
Vidal Bariego, Laura

**Grupo de Trabajo****«Lingua e teatro.»****Vidal Bolaño no Día das Letras Galegas»**

Aguilar Amigo, María Luísa  
Barca Gómez, María  
Félix Cedeira, María del Carmen  
Guimarey Cedeira, Eva Raquel  
Herrero Mayor, Armando Xosé  
Picado Rodríguez, José Antonio  
Romero Olveira, María Fátima  
Santiso Andrade, Paz  
Souto Pereira, María Jesús  
Vidal Dopazo, María José

**Asesoría pedagógica CEFOR A Coruña**

Miguélez Pose, Isabel María  
Sobrino Josenje, Santiago

**Maquetación e deseño gráfico**

Manolo Paz ([www.edugaliza.org](http://www.edugaliza.org))


**Colexios participantes**

CEIP «W. Fernández Flórez», de Cambre  
CEIP «Portofaro», de Cambre  
CRA de Culleredo  
CEIP «Torrente Ballester», de Sigrás-Cambre  
CEIP «Montel Touzet», da Coruña  
CEIP «Sal Lence», da Coruña  
CEIP «Eusebio da Guarda», da Coruña  
CEIP «Manuel Murguía», da Coruña  
CEIP «Praia de Quenxe», de Corcubión  
CEIP «Milladoiro», de Malpica de Bergantiños  
CEIP «San Xosé Obreiro» de Meicende-Arteixo  
CEIP de Portosín-Porto do Son  
CEIP «Galán», de Oseiro-Arteixo

Á Real Academia Galega, á Universidade de Vigo, á Asociación Roberto Vidal Bolaño, a María Fernández, a Paco Guitián, a Carlos Gallego, a María Bao Fente e a todos aqueles que contribúen, anonimamente e desinteresadamente, á publicación destas actividades. Grazas pola vosa colaboración e xenerosidade.



**Edita** Seminario Permanente de Formación do  
Profesorado do CEIP Galán de Oseiro-Arteixo (A Coruña)  
<http://www.seminariogalan.org>





# ROBERTO VIDAL BOLAÑO

O 31 de xullo de 1950, coincidindo co remate das festas do Apóstolo na cidade de Santiago, naceu Roberto Ignacio Vidal Bolaño, que co paso do tempo se convertería nun dos creadores do teatro profesional galego.

Realizou os seus primeiros estudos de primaria e bacharelato en Santiago e con doce anos comezou a traballar como repartidor de recambios de coche, emprego ao que seguiron outros: nunha axencia de viaxes, nun almacén de coloniais e nunha entidade bancaria, até que, con vinte e sete anos, pasou a traballar profesionalmente no teatro.

Fundou a primeira compañía profesional de teatro en galego, o Grupo Antroido, na que realizou todo tipo de funcións: empresario, director, actor, autor, electricista, pintor...

Ao longo da súa traxectoria artística escribiu preto das trinta obras teatrais, algunhas delas adicadas ao público infantil.

Tamén realizou guións para as televisións galega e española, levando á pantalla relatos de escritores galegos como Fole ou Blanco Amor.

Participou como actor en longametraxes e series televisivas e como actor de dobraxe colaborou en máis de cincuenta películas. Recibiu numerosos premios pola súa obra teatral: Premio Abrente, Premio Cunqueiro, Rafael Dieste, Eixo Atlántico, Tirso de Molina...

No ano 1991 creou e dirixiu a compañía Teatro do Aquí, coa que seguiu representando as súas propias obras.

Roberto Vidal faleceu en Santiago no ano 2002.






# QUEN É ROBERTO VIDAL

# 1

Aquí tes varias caricaturas de escritores e artistas. Saberías averiguar cal é a de Roberto e copiala?



# COMPLETAMOS O TEXTO?

# 2

*Santiago Aquí Ignacio xullo Antroido 1951  
profesional Teatro Bolaño 1961*

Roberto  Vidal  , nace o 31 de  de  , en  de Compostela.

Fundou o Grupo  , a primeira compañía de teatro  de Galicia. En  creou o grupo  do .



## VERDADEIRO OU FALSO?

3

Indica se son verdadeiros (V) ou falsos (F) cada un destes datos referidos á vida de Roberto Vidal e copia os verdadeiros.

- Roberto naceu na cidade de Compostela, en 1950.
- O seu nacemento coincide coas Festas de Fin de Ano.
- Comezou a traballar aos doce anos como repartidor.
- Creou un grupo de teatro chamado «Lingua de trapo»
- Fundou Teatro Antroido, a primeira compañía profesional galega.
- Recibiu o Premio Abrente e o Álvaro Cunqueiro.
- Escribiu as súas obras teatrais en idioma galego.

1

2

3

4

5

# Laudamuco

## LAUDAMUCO:

Cabaleiros, chameinos á miña presenza porque quero someter á súa consideración un asunto que vén preocupándome longamente. Como sabedes, todos os participantes nas desordes acontecidas neste reino nos derradeiros días e que tiñan por obxecto atender descontra a miña groriosa persoa e descontra a orde de cousas por min estabrecida, foron condeados a morte esta mesma mañá, como resultas da súa probada participación nos feitos que se lles imputan. Non foi difícil para unha persoa de miolo preclaro coma min, atinar coa condea máis xusta para tan aldraxante delito. Noustante, axusticiar a tantos milleiros de homes non é traballo fácil, nin moral nin materialmente. Faise preciso atopar un medio axeitado que permita facer cumprir a sentenza de maneira máis doada. Para iso mandeivos chamar. Agardo da vosa recoñecida intelixencia solucións efectivas para tan outo problema de estado.



*LAUDAMUCO, SEÑOR DE NINGURES*  
de *ROBERTO VIDAL BOLAÑO*

## Entendiches o texto?

# 4

1.- Cantas persoas quere executar Laudamuco?

2.- A que foron condeados?

3.- Cando foron condeados?


4.- Para que mandou chamar Laudamuco aos cabaleiros?

# As monarquías europeas

5

En Europa hai algúns países que manteñen a monarquía, cun rei ou unha raíña. Saberías colocar os seus nomes?

**NORUEGA ALEMAÑA PORTUGAL REINO UNIDO ITALIA GRECIA ESPAÑA  
IRLANDA SUECIA FRANCIA SUIZA DINAMARCA POLONIA BÉLXICA HOLANDA**



Escribe os nomes destas sete monarquías europeas.

---

---

# O señor xuíz

6

Identifica cada unha das partes do debuxo dun estrado.

MARTELO TOGA PUÑETAS SÍMBOLO DA XUSTIZA CÓDIGO PENAL



# As frases feitas

7

Unha frase feita é unha frase que ten forma fixa e que usan a maioría dos falantes dunha comunidade lingüística para referirse a un mesmo feito ou circunstancia.

Poderías explicar o significado de cada unha destas frases feitas?

DOBRAR O ESPÍNAZO

\_\_\_\_\_

NON DAR PAU AO AIRE

\_\_\_\_\_

MÁIS VALE PAXARO EN MAN QUE CENTO VOANDO

\_\_\_\_\_

NUNCA CHOVEU QUE NON ESCAMPARA

\_\_\_\_\_



# A sopa de letras da xustiza

8

No texto hai varias palabras relacionadas coa xustiza. Poderás atopalas nesta sopa de letras?

CONDEADOS MORTE ORDE CONDEA XUSTA  
ALDRAXANTE DELITO AXUSTIZAR SENTENZA ATENTAR

A	T	E	N	T	A	R	M	Q	R	T	U	I	L	O	P
C	O	N	D	E	A	D	O	S	E	N	T	E	N	Z	A
O	R	F	X	D	T	X	R	M	L	Q	N	M	G	H	L
N	D	Z	N	X	U	S	T	A	C	F	R	E	S	D	C
D	E	A	S	Z	D	D	E	L	I	T	O	X	C	V	P
E	S	E	F	T	L	A	X	U	S	T	I	Z	A	R	R
A	L	D	R	A	X	A	N	T	E	B	S	V	R	U	L

# E ti que opinas?

9

Dende moi antigo hai citas sobre a pena de morte. Queres coñecer algunha?

*«É mellor e máis satisfactorio liberar a mil culpables que senten-  
zar a morte a un só inocente»*

ÓSCAR WILDE

*«A pena de morte é un signo peculiar da barbarie»*  
MAIMÓNIDES

Anímaste a facer un par de frases contra a pena de morte?

# Xáxara, Peituda...

**TODOS:** Non hai raio que te entenda.

**XAXARA:** Esta terra é terra boa e como tal ten moitas cousas de seu. Como a fala, por exemplo. Se nos quitan esa fala, fan que o noso sexa seu. E si por riba rematan cos costumes, coas cantigas, cos bailes e coa música que a xente e a terra nos deu, xa non seremos ninguén e todo o noso poderá ser dos xigantóns coma el.

**TODOS:** E que temos que facer?

**XÁXARA:** Xustamente aquilo que non quere el! Escoitade raparigos, escoitade o que vos digo. Se se lle toca no ouvido revírase de tal xeito a cachola que nin sequera pode ollar de esguello. E cando lle soa moi preto unha gaita, non pode terse de pé e brinca e reviravolta a eito coma se o levara o máis fero dos ventos. E se por riba aínda, se lle fala en galego, engrúñase coma un vermiño, perde os folgos polo cú, escomeza a tremar co medo, échenselle as latas de buracos e remata trocándose de súpeto nun pequecho e porcallento rato.



*XÁXARA, PEITUDA, PANIOGAS, TARELO, O RAPAZ E O CACHAMÓN*  
de **ROBERTO VIDAL BOLAÑO**

## Comprensión do texto

10

1.- A que terra se refire Xáxara?



2.- Que pasa se nos quitan a fala?

3.- E se nos quitan os costumes, as cantigas...?

# De vello, gaiteiro

11

A gaita é un instrumento que se toca moito en Galicia. Tenta colocarlle o nome a cada unha das súas partes.



# Túrralle polo vento!

12

Usa o dicionario e relaciona cada palabra coa súa definición.

VENTOEIRA

Golpe de vento forte e de pouca duración.

VENTOSO

Exposto ao vento.

VENTISQUEIRO

Borrasca de neve e vento.

FURACÁN

Vento moi forte que xira en grandes círculos.

# Laudamuco, Señor de Ningures

**ROUCO-MAXISTRADO:** Está claro, Señor. Se executa a todas cantas persoas aparecen inculpadas nos feitos, e polo que puiden ver son tantas como habitantes ten o Reino, sen contar aos Nobres, ricos comerciantes, Ministros, Sumos Sacerdotes, Maxistrados e demais outos dignatarios, xa non ficará nel ninguén en quen vostede poida exercer a autoridade nin ninguén que poida deixar de respectala. Simplemente non terá pobo, Maxestade.

**LAUDAMUCO:** *(Cabreado)* O meu maxistrado nunca diría tan aldraxante insolencia!

**ROUCO:** Disimúleme o Señor. Só dixen o que coidaba máis axeitado.

**LAUDAMUCO:** Pois trabucácheste... Aínda podería exercela en ti.

**ROUCO:** Pouco reino son eu, Señor.


**LAUDAMUCO:** Mariscal! É certo o que di o Maxistrado?

**ROUCO-MARISCAL:** Coido que si, Señor.

**LAUDAMUCO:** Quere eso decir que só ficaríamos no Reino eu e os catro pelexos de vertedeiro que vivides de moinantes á sombra da miña grandeza.

**ROUCO-MAXISTRADO:** Máis ou menos, Señor.

**LAUDAMUCO:** *(Cabreado)* E quen faría a colleita? Quen apañaría as patacas? Quen vendimaría? Quen traballaría nos talleres? Quen remataría o teito do meu pazo de verán? Quen pagaría as contribucións e os impostos? Eh? Quen? Vós? Vós, que nunca dobrastes o espiñazo máis abaixo do que vos esixen as reverencias e o protocolo da corte.



*LAUDAMUCO, SEÑOR DE NINGURES*  
de **ROBERTO VIDAL BOLAÑO**

# Comprensión do texto

13

1.- Un «acoutamento» é unha anotación que se intercala nun texto. Localizas algún acoutamento na escea de Rouco Laudamuco?. Escribeo.

2.- Quen é o autor da obra?

3.- Cal é o título da obra?

4.- Quen é o Señor?

5.- Que outros dignatarios aparecen?

# A sopa de letras

14

Localiza nesta sopa de letras seis nomes de cargos que pertenceron á aristocracia, a clase social máis privilexiada de determinada época da nosa historia.

M	A	R	I	S	C	A	L	Z	S	X
C	S	A	C	E	R	D	O	T	E	S
M	A	X	E	S	T	A	D	E	Ñ	Z
X	H	M	I	N	I	S	T	R	O	C
M	N	O	B	R	E	V	L	B	R	X
Z	M	A	X	I	S	T	R	A	D	O

MAXISTRADO  
SEÑOR  
NOBRE  
MINISTRO  
SACERDOTE  
MAXESTADE  
MARISCAL

Investiga e averigua en que localidade están cada un dos teatros galegos que figuran na columna da esquerda .

FERROL SANTIAGO NOIA A CORUÑA TUI A ESTRADA  
 OURENSE ORTIGUEIRA VIVEIRO VIGO A CORUÑA  
 PONTEVEDRA O BARCO



GARCÍA BARBÓN	▶	V _ _ _ _
ROSALÍA CASTRO	▶	A _ _ _ _ _
COLÓN	▶	_ _ O _ _ _
JOFRE	▶	_ _ _ _ L
PRINCIPAL	▶	_ A _ _ _ _
PRINCIPAL	▶	O _ _ _ _ _
PRINCIPAL	▶	_ _ T _ _ _ _
COLISEO NOELA	▶	_ _ I _
DA BENEFICENCIA	▶	_ _ T _ _ _ _ _
MUNICIPAL	▶	_ _ _ _ _ D _
MUNICIPAL	▶	_ _ I
LAURO OLMO	▶	_ _ _ _ _ O
PASTOR DÍAZ	▶	V _ _ _ _ _

Estes son catro carteis de obras nas que, como autor, actor ou director, participou Roberto Vidal Bolaño. Poderías ti maquetar outro cartel cos datos que se indican?



**NOME DO GRUPO TEATRAL:**  
CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

**OBRA DE TEATRO:**  
A BURLA DO GALO

**AUTOR:**  
ROBERTO VIDAL BOLAÑO

**DIRECCIÓN:**  
XAN CEJUDO

**LOCAL:**  
TEATRO PASTOR DÍAZ, DE VIVEIRO

**DATA:**  
17 DE MAIO DE 2013

